



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ACTA Nº 2018/26

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 14 DE NOVEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 19:45 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

María del Carmen Botana Cebeiro
Antonio González Barral

AUSENTES:

Jesús Sanjuás Mera

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta anterior
2. Adxudicación dos contratos lotes 1 e 2 premio Parabéns
3. Adxudicación contrato lote 3 Parabéns por administración

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do mércores 14 de novembro de 2018, ACORDA:

1-. Aprobación Acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión extraordinaria realizada o día 5 de novembro de 2018.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do mércores 14 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

2-. Adxudicación dos contratos lotes 1 e 2 premio Parabéns

Na Xunta de Goberno do día 6 de setembro, iniciouse a contratación do proxecto modificado Actuacións no Pico Sacro relativo ó Premio Parabéns por un importe de 300.000 euros.

Para a súa licitación dividiuse o proxecto en 3 lotes denominados do seguinte xeito:

- 1 Lote- Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros
- 2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros
- 3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

O procedemento utilizado para a súa contratación foi o aberto, por urxencia e cos pregos da Deputación publicados no BOP núm. 99 do día 28 de maio de 2018. O prazo para a presentación das ofertas foi de 13 días naturais e a tramitación dos expedientes foi integramente electrónica mediante a Plataforma de Contratación do Estado.

No prazo establecido para o efecto presentan ofertas as seguintes empresas:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros
Ivanca, SL
SYR - AMG, SLU

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros
Excavaciones Ovidio, SL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Ivanca,SL
Nexia Infraestructuras, SLU
Obras y Saneamientos Galicia,SL
SYR -AMG,SLU

3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

Ivanca, SLU
SYR- AMG, SLU

Segundo informe da mesa de contratación, ábreanse os arquivos da documentación administrativa presentada polas empresas e obsérvase que a empresa Obras y Saneamientos Galicia, SLU non presenta o formulario do DEUC tal e como se sinala no prego e no cadro de características das obras, polo tanto ten que excluírse do proceso de contratación.

Deste xeito, no lote 2 teríamos que eliminar á empresa Obras y Saneamientos Galicia, SLU por non presentar a documentación administrativa obrigatoria.

A continuación realízanse as valoracións das ofertas presentadas polas empresas. Neste caso, nos 3 lotes valóranse os seguintes criterios:

Oferta económica - 50 puntos

Redución de prazos - 50 puntos. No caso de que a empresa non presente a xustificación da redución de prazos, a puntuación será de 0 puntos.

A continuación transcríbense as ofertas presentadas e a puntuación acadada por cada empresa:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros

Ofertas:

Empresa	Oferta económica	Redución de prazo
Ivanca, SL	58.232,68 euros	Execución en 37 días naturais
SYR -AMG, SLU	57.267,74 euros	Execución en 30 días naturais



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Puntuación

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
Ivanca, SL	38.20	0 (non xustifica a redución)	38.20
SYR -AMG, SLU	40.25	50 puntos	90.25

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros

Empresa	Oferta económica	Redución de prazo
Excavaciones Ovidio, SL	102.863,16 euros	Execución en 45 días naturais
Ivanca, SL	130.652,29 euros	Execución en 60 días naturais
Nexia Infraestructuras, SLU	125.493,06 euros	Execución en 26 días naturais
SYR - AMG, SLU	119.762,01 euros	Execución en 60 días naturais

Puntuación

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
Excavaciones Ovidio, SL	50	0 (non xustifica a redución)	50
Ivanca, SL	25.88	0 (non xustifica a redución)	25.88
Nexia Infraestructuras, SLU	34.07	50	84.07

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

SYR - AMG, SLU	38.50	38.96	77.46
----------------	-------	-------	-------

3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

Empresa	Oferta económica	Redución de prazo
Ivanca, SL	80.734,52 euros	Execución en 210 días naturais
SYR -AMG, SLU	67.469,95 euros	Execución en 60 días naturais

Neste caso, e debido a que a obra debe estar executada antes do día 30 de novembro, non se fai a valoración das ofertas, considerando ás dúas empresas excluídos ó exceder do prazo fixado no cadro de características da obra. Polo tanto considérase deserto este lote.

Compre comentar, con relación ós prazos solicitados no seu momento na contratación das obras que no DOG do día 13 de novembro de 2018, sae publicada a resolución da Axencia de Turismo de Galicia onde se amplía o prazo de execución e resolución das obras ata o día 20 de decembro de 2018.

Na Xunta de Goberno extraordinaria urxente que se realizou o día 29 de outubro de 2018, adoptouse o seguinte acordo:

1.- Excluir do proceso de contratación do lote núm. 2 á empresa Obras y Saneamientos Galicia, SL por non presentar o formulario do DEUC tal e como se sinala no prego e no cadro de características das obras.

2.- Clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente nos lotes núm. 1 e 2, quedando do seguinte xeito:

1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
SYR -AMG, SLU	40.25	50 puntos	90.25

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Ivanca, SL	38.20	0 (non xustifica a redución)	38.20

2 Lote - Roteiro camiños de Santiago,cun presuposto de 146.947,38 euros

Empresa	Puntuación oferta económica	Puntuación Redución de prazo	Puntuación total
Nexia Infraestructuras , SLU	34.07	50	84.07
SYR - AMG, SLU	38.50	38.96	77.46
Excavaciones Ovidio, SL	50	0 (non xustifica a redución)	50
Ivanca, SL	25.88	0 (non xustifica a redución)	25.88

3.- Comunicar ás empresas con maior puntuación que presenten, no prazo máximo de 5 días hábiles a documentación na forma e polos medios que se sinala na cláusula 16 do prego de cláusulas que rexeu a contratación.

As empresas SYR - AMG, SLU que foi a de maior puntuación na clasificación para a adxudicación do lote 1 e a empresa Nexia Infraestructuras, SLU que foi a de maior puntuación na clasificación para a adxudicación do lote 2, presentaron a documentación requirida no prazo estipulado polo que se deben adxudicar os contratos o máis axiña posible non podendo agardar para a vindeira xunta de goberno que non se realizará ata o vindeiro día 22 de outubro,

A Xunta de Goberno, ACORDA:

1.- Excluir do proceso de contratación do lote núm. 2 á empresa Obras y Saneamientos Galicia, SL por non presentar o formulario do DEUC tal e como se sinala no prego e no cadro de características das obras.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

2. Adxudicar o contrato do lote 1 denominado Actuacións no contorno do Pico Sacro á empresa SYR - AMG, SLU por un importe de 57.267,74 euros (IVE incluído). A obra estará executada nun prazo máximo de 30 días naturais.
3. Adxudicar o contrato do lote 2 denominado Roteiro camiños de Santiago á empresa Nexia Infraestructuras, SLU por un importe de 125.493,06 euros (IVE incluído). A obra estará executada nun prazo máximo de 26 días naturais.
4. Nomear como técnica directora de ambas obras a dona María Carmen Novoa Sío e como coordinador de seguridade e saúde a don Ignacio José Alonso Díaz.
5. Comunicar a ambas empresas que no prazo máximo de 15 días hábiles se asinarán os correspondentes contratos.
6. Declarar deserto o lote 3 denominado Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro ó excluír ás empresas non adaptarse ningunha das propostas presentadas ó prazo de execución do proxecto.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do mércores 14 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

3.- Adxudicación contrato lote 3 Parabéns por administración

Na Xunta de Goberno do día 6 de setembro, iniciouse a contratación do proxecto modificado Actuacións no Pico Sacro relativo ó Premio Parabéns por un importe de 300.000 euros.

Para a súa licitación dividiuse o proxecto en 3 lotes denominados do seguinte xeito:

- 1 Lote - Actuacións no contorno do Pico Sacro, cun presuposto de 70.267,28 euros
- 2 Lote - Roteiro camiños de Santiago, cun presuposto de 146.947,38 euros
- 3 Lote - Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O procedemento utilizado para a súa contratación foi o aberto, por urxencia e cos pregos da Deputación publicados no BOP núm. 99 do día 28 de maio de 2018. O prazo para a presentación das ofertas foi de 13 días naturais e a tramitación dos expedientes foi integramente electrónica mediante a Plataforma de Contratación do Estado.

No caso do lote 3 presentaron ofertas as seguintes empresas:

Ivanca, SLU
SYR- AMG, SLU

No cadro de características da obra, reflectíase que esta tiña que estar rematada antes o 30 de novembro, pero ambas empresas ofertaron un prazo de execución que excedía do fixado polo órgano de contratación. Polo tanto, declarouse deserto ó excluír a ambas empresas ó non axustarse ningunha das propostas ó prazo solicitado de execución da obra.

Debido ó prazo de remate das obras e tendo en conta que a licitación cun novo procedemento retrasaría de novo o prazo para executalas, optouse por realizar as obras por administración.

Neste caso, e cumprindo co que dita o art. 30.1b) da lei de contratos, a administración dispón de elementos auxiliares utilizables cuxo emprego supón unha economía superior ó 5% do importe do presuposto da obra. A redactora do proxecto, dona María del Carmen Novoa Sio, asina o correspondente informe onde fai constar esta circunstancia.

Compre reflectir que no DOG do día 13 de novembro de 2018, a Axencia de Turismo de Galicia publicou unha resolución na que se amplía o prazo de execución e xustificación das obras ata o día 20 de decembro.

Polo tanto, e ante o prazo tan reducido para xustificar as obras e tendo en conta que o contrato resultou deserto e que as obras se poden realizar por administración

A Xunta de Goberno, ACORDA:

1-. Executar por administración o lote núm. 3 denominado Actuacións no Centro de Interpretación do Pico Sacro cun presuposto de 82.785,34 euros, ó cumprirse, segundo informe da redactora do proxecto, o ditado no art. 30.1b) da lei de contratos para a realización das obras por administración.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

2-. Comunicar ó órgano de contratación e ó servizo de contratación esta circunstancia para a correspondente tramitación dos posibles contratos menores que se deriven da execución desta obra.

Ás 20:15 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Boqueixón, xoves 15 de novembro de 2018

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín